IGAPE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

# PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO INTEGRAL DAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL. 2007-2011

**12 de Marzo de 2007**

# AS COMARCAS VEN SUFRINDO DIVERSAS CRISES E RECONVERSIÓNS DENDE OS ANOS 80

## Varios plans para o fomento empresarial sucedéronse sen éxito ata hoxe



# O CRECEMENTO DAS COMARCAS VEN SENDO INFERIOR AO DO CONXUNTO DE GALICIA E DE ESPAÑA

## O crecemento 00-04 é o maior dende os 80




- **Amortización de postos de traballo en industria e agricultura que non é recuperada polo sector servicios**
  - **cunha perda neta de ~2.500 postos de traballo entre 1980 e 2005**
- **A falta de oportunidades no mercado de traballo provoca un descenso da poboación(1)**
  - **as comarcas perderon no período entre 1980 e 2005 uns 19.000 hab.**

(1) A partires de 2001 moderase o decrecemento pola chegada de inmigración estranxeira
Fonte: INE, IGE, Anuario La Caixa, Anuario Caixanova

# AS COMARCAS ATÓPANSE NO INTRE PROPICIO PARA DEFINIR E EXECUTAR CON ÉXITO UN PLAN DE DESENVOLVEMENTO

**Actualmente converxen factores que favorecen a implantación dun Plan de Desenvolvemento...**

- **Chegada de infraestruturas chave[(2)] así como os proxectos de reforzo e complemento das mesmas**
- **Constitución da Asociación Impulsora do Plan Ferrol, coa participación de representantes de todos os axentes sociais**
- **Vontade política e coordinación entre Institucións**
- **Conxuntura xeral favorable das economías, que non inhibirá a inversión como en plans anteriores**

**... e que se completan aplicando as Leccións Aprendidas de actuacións e plans anteriores[(1)]**

- **O incentivo á inversión empresarial a base de subvencións a fondo perdido ou incentivos económicos é insuficiente**
- **O Plan de Desenvolvemento debe ser Integral, incluíndo incentivos económicos e actuacións en materia de infraestruturas e medidas para o desenvolvemento sociocultural**
- **É necesario contar coa coordinación de tódolos participantes no desenvolvemento das Comarcas: Administracións públicas e axentes socioeconómicos**

(1) ZUR (83-87) Zona Urxente Reindustrialización; ZID (88-92) (Zona Industrial en Declive); Plan especial para Ferrol e comarca (93); ZPE (93-99) Zona Promoción Económica; Plan de Desenvolvemento económico-industrial de As Pontes (97); Protocolo para Industrialización de Ferrol (97/99)
(2) Finalización da A-9; en construcción a AG-64 a Vilalba que conectará coa Transcantábrica; finalización da primeira Fase do Porto Exterior

# AS COMARCAS POSÚEN VANTAXES DIFERENCIAIS QUE FAVORECEN O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO




| Vantaxes diferenciais | | Sectores |
|---|---|---|
| Existencia de man de obra cualificada | Centros de formación especializada (ETSIN) | • Acuicultura<br>• Eólico<br>• Loxística<br>• Naval<br>• Téxtil |
| Loxística<br>• Porto (int. y ext.)<br>- estradas[1]<br>- aeroporto[2]<br>- ferrocarril[3] | Capacidade instalada<br>• Estaleiros de Navantia<br>• Regasificadora<br>• Planta biodiesel[4] | • Naval<br>• Loxística<br>• Biocombustibles |
| Aproveitamento de recursos naturais<br>• Rías (Ferrol e Ortigueira)<br>• Puntos de interese turístico<br>• Masa e residuos forestais | | • Acuicultura<br>• Biomasa<br>• Turismo |
| Proximidade a puntos de forte actividade económica<br>• Autoestradas do Mar<br>• Centro loxístico de Inditex | | • Loxística<br>• Naval<br>• Téxtil |

(1) A-9 con conexión a Vigo e Lisboa, e a Madrid coa A-6; AG-64 con conexión a As Pontes e en construcción a continuación a Vilalba onde conectará coa Transcantábrica
(2) A 30 min. (A Coruña) e a 50 min. (Santiago)
(3) Conexión ffcc no porto interior
(4) En construcción no Porto Exterior

# O CRECEMENTO VIRÁ DETERMINADO POLO DESENVOLVEMENTO DOS SECTORES MOTOR E DE FUTURO

## Os sectores soporte son unha importante fonte de emprego a manter




(1) Taxa de crecemento media anual 2006-2016
(2) Inclúe empregos directos e indirectos

# 11 INICIATIVAS CHAVE PARA IMPULSAR O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL

| | | | Iniciativas |
|---|---|---|---|
| Sectores | Motor | 1 | Consolidación do sector Eólico |
| | | 2 | Desenvolvemento do sector Turístico |
| | | 3 | Potenciación do sector Loxístico entorno ao desenvolvemento do Porto exterior |
| | Futuro | 4 | Apoio ao desenvolvemento do sector da Acuicultura |
| | | 5 | Apoio ao desenvolvemento da Biomasa |
| | | 6 | Apoio ao desenvolvemento do sector dos Biocombustibles |
| | Soporte | 7 | Mantemento do sector Naval e a súa industria auxiliar |
| Medidas transversais | | 8 | Dotación de Solo Industrial |
| | | 9 | Mellora das Infraestruturas |
| | | 10 | Fomento do I+D+i |
| | | 11 | Creación dunha Oficina Xestora do Plan Ferrol |

# 1 EÓLICO: CAPACIDADE PARA DOBRAR SEU TAMAÑO NO 2011

## Potencial de crecemento do sector eólico nas comarcas




| | 2006E | 2011 |
|---|---|---|
| Emprego | ~850 | ~1.450 |

- As comarcas e Galicia representan unha historia de éxito no sector en potencia instalada
- O cal atraeu moitas empresas que fan que as comarcas posúan un know-how diferencial
- O porto é unha chave para a exportación

## Principais pancas de actuación

**Consolidar e potenciar o tecido empresarial eólico presente nas comarcas mediante**

- <u>Constituír un clúster eólico</u> con sede nas comarcas e coordinado co clúster do naval
- <u>Atraer empresas</u> de referencia ou tractoras ás comarcas aproveitando unha posible liberación de solo estratéxico en Fene
- <u>Apoiar a internacionalización</u> das empresas das comarcas dando a axudas á apertura de novos mercados (participación feiras, eventos, etc...)

Nota: O VEB e o emprego xerado non inclúe a explotación dos parques eólicos actuais ou a posible construcción de novos

# ② TURISMO: APORTARÁ AO VEB MÁIS DO TRIPLE NO 2011

## Potencial de crecemento do sector turístico nas comarcas




- As comarcas comparten con Galicia os valores turísticos que as converten nun dos destinos mellor valorados
- Os recursos naturais das comarcas e a chegada de infraestruturas dinamizarán o turismo residencial e non residencial(1)

## Principais pancas de actuación

**Converter o sector turístico nunha fonte de crecemento sostible**

- Redactar un plan de ordenación territorial que permita acadar un modelo de turismo ordenado
- Definir un Plan Turístico específico incluíndo a creación dunha imaxe de marca e a súa promoción
- Rehabilitar e acondicionar iconos turísticos
  - Museo da Construcción Naval (Ferrerías)
  - estudo de usos alternativos doutros edificios históricos da zona de arsenais militares e castelos
- Atraer a inversores hoteleiros ás comarcas
- Formar man de obra especializada

(1) Poderase aproveitar tamén como pulo o feito da declaración da Ría de Ferrol, e das comarcas de Ferrol e Ortegal como Destino Piloto para a aplicación dun Plan de Dinamización do producto Turístico impulsado polo Goberno Central, autonómico, provincial e entes locais que prevé 3,5M€ para actuacións de mellora dos servizos e productos turísticos da zona

Nota: Os datos do turismo inclúen o VEB e os empregos xerados pola construcción de establecementos e segundas residencias

# 3 LOXÍSTICA: MULTIPLICARÁ POR 5 AS SÚAS ACHEGAS AO VEB E AO EMPREGO NO 2011

**Potencial de crecemento do sector loxístico nas comarcas**




- O novo porto exterior posúe unha serie de características que permiten todo tipo de tráficos
- As novas infraestruturas dotarano de intermodalidade e farano competitivo
- A localización privilexiada favorece a actividade

**Principais pancas de actuación**

**Potenciar o sector loxístico ao abeiro do desenvolvemento do porto exterior de Ferrol**

- Dinamizar a actividade nas novas instalacións portuarias de Caneliñas
  - apoiar a captación de tráficos de navieiras (sobre todo transbordo)
  - apoiar a captación de tráficos de importación e exportación de empresas e institucións da área de influencia do porto
- Seguimento do avance das obras da Zona de Actividades Loxísticas de Mandiá-Leixa(1) e dos accesos á dársena
  - por estrada e ferrocarril

(1) A AP de Ferrol acordou iniciar a licitación para a contratación dunha asistencia técnica para a redacción do proxecto sectorial e de urbanización da ZAL de Mandiá-Leixa

# SECTORES DE FUTURO: APOSTA POLO SEU CRECEMENTO E POTENCIAL DE CONTRIBUCIÓN

| Potencial de crecemento dos sectores de futuro nas comarcas | | Principais pancas de actuación |
|---|---|---|
| 4 Acuicultura | • Características das Rías das comarcas favorables ás actividades<br>• Potencial de crecemento elevado nas comarcas a 2011<br>- ~7,5 M€ de VEB adicional<br>- ~600 empregos adicionais | • Concesión de licencias novas para a instalación de bateas<br>• Atracción de empresas ás comarcas<br>• Garantir a calidade da auga para o desenvolvemento da acuicultura e o marisqueo (depuradoras) |
| 5 Biomasa | • As comarcas contan con recursos abondo para biomasa<br>• Potencial de crecemento a 2011<br>- ~5 M€ de VEB adicional<br>- ~125 empregos adicionais | • Atracción e envolvemento de empresas líderes para que fagan de tractoras nás comarcas<br>• Creación de bancos de terras<br>- promover a cesión de terras para optimizar o aproveitamento dos residuos forestais |
| 6 Biocombustibles | • Están en marcha proxectos de producción de biocombustibles(1) que potenciarán o sector a 2011<br>- ~6 M€ de VEB adicional<br>- ~150 empregos adicionais | • Atracción e envolvemento de empresas líderes para que fagan de tractoras nás comarcas |

(1) Coma o confirmado de Entabán (no porto exterior de Ferrol)

# 7 A APOSTA POLA DIVERSIFICACIÓN E A TECNIFICACIÓN DA INDUSTRIA AUXILIAR MELLORARÁN A POSICIÓN DO SECTOR NAVAL

## O naval é un sector fortemente presente nas Comarcas que é preciso manter

Man de obra especializada




## Principais pancas de actuación para o sector soporte (Naval)

- Crear o Centro Tecnolóxico do Naval en Ferrol (no CIS de A Cabana)
  - Administración, Universidade e empresas
- Aumentar a capacidade competitiva da industria auxiliar nas comarcas mediante o apoio a
  - consolidación
  - diversificación
  - tecnificación
- Análise de outros usos do chan industrial dispoñible en Fene
  - posibilidade de liberación de espacio para usos doutras industrias coma a eólica ou a maremotriz
  - procura de inversores e posta a disposición da iniciativa privada das actividades que non sexan nucleares do negocio de Navantia(1)
- Asegurar un nivel de carga de traballo adecuado ás instalacións da Ría de Ferrol

(1) Turbinas e aeroxeradores

# AS INICIATIVAS SECTORIAIS RECOMENDADAS PODERÍAN SIGNIFICAR UN INCREMENTO ADICIONAL ~200 M € DE VEB EN 2011

## E unha creación duns 4.400 empregos adicionais




**A creación de VEB adicional permitiría máis que triplicar a taxa anual de crecemento entre 1990 e 2004 e máis que cuadriplicar a do período 1980-2004, posicionando ás comarcas nunha senda de crecemento anual do ~3%**

# DETERMINADAS ACTUACIÓNS TRANSVERSAIS SON INDISPENSABLES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMARCAS

| | Liñas de actuación |
|---|---|
| **8** Dotación de solo industrial | • Construcción dunha Zona de Actividade Loxística (ZAL) en Mandiá-Leixa (prevista para 2008-2009) |
| **9** Mellora das infraestruturas | • Finalización de la conexión Ferrol-Transcantábrica (2009)<br>• Vial de alta capacidade Ferrol-San Cibrao (2009)<br>• Construcción de accesos<br>- ao Porto exterior por estrada (2008) e ffcc (sen data)<br>- á ZAL por estrada e ffcc (previstas para 2008-2009)<br>- ao resto de polígonos industriáis(1) (2007-2008)<br>• Saneamiento da Ría de Ferrol (depuradoras e colectores) para 2009<br>• Establecementos hostaleiros |
| **10** Fomento do I+D+i | • Definición dun programa de incentivos e subvencións aos investimentos en I+D+i para as comarcas |
| **11** Creación dunha Oficina Xestora do Plan Ferrol | • Apertura da Oficina Xestora do Plan Ferrol na cidade de Ferrol |

(1) Río do Pozo (acceso de 1-2 Km. á AP-9 e ao ramal de acceso ao porto exterior, proxectado para finalizar a finais de 2007); Vidrieiro (acceso de 3 Km. á AP-9); Penapurreira e Os Airios (accesos de ~1Km. cada un á AG-64 a executar coa propia autovía ao seu paso polo Concello de As Pontes)

# ALGÚNS FITOS PÓDENSE ACADAR E COMUNICAR A CURTO PRAZO

## Xerando credibilidade no Plan Ferrol e dotando de pulo á implantación

**"Quick Wins" Realizables e comunicables a curto prazo**

- Análise de outros usos do chan industrial dispoñible en Fene
  - liberación de espacio para usos doutras industrias coma a eólica ou a maremotriz
  - procura de inversores e posta a disposición da iniciativa privada das actividades que non sexan nucleares do negocio de Navantia
- Apoio a través do clúster á industria auxiliar do naval para maior diversificación e tenificación
- Constitución de un clúster eólico con sede nas comarcas e coordinación co do naval
- Definición dun Plan Turístico para as comarcas
  - creación dunha marca específica e comezo da promoción
- Definición dun plan de Ordenación Territorial para o desenvolvemento do turismo
- Crear o Centro Tecnolóxico do Naval no CIS de A Cabana-Ferrol
- Asegurar un nivel de carga de traballo adecuado ás instalacións da Ría de Ferrol
- Comunicación de infraestruturas chave para o porto exterior (ZAL e accesos)
- Selección de iconos turísticos:
  - Museo da Construcción Naval e instalacións hostaleiras
- Atracción de inversión de proxectos chave de Biocombustibles e Biomasa para las comarcas
- Comunicación pre-acordos con navieiras e empresas de captación de tráficos ao porto
- Constitución da Oficina Xestora do Plan Ferrol en Ferrol

# A OFICINA XESTORA PARA AS COMARCAS FOCALIZARASE NA IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN

## Realizando tamén tarefas de promoción empresarial e de seguimento da actividade

**Oficina Xestora Ferrol, Eume e Ortegal**

- Coordinación e seguimento da execución do Plan(1)
- Revisión/ medidas correctoras
- Seguimento da actividade económica das comarcas
- Identificación de oportunidades de creación empresas/ emprego

**Desenvolvemento do Plan Ferrol**

**Administración e xestión de axudas**

- Fiestra única de información e promoción de axudas públicas
- Xestión e avaliación técnica das propostas
- Difusión de mellores prácticas, experiencias nas comarcas, etc.

**Oficina de Atracción: Desenvolvemento de empresas/ proxectos**

- Consultoría e asesoramento en novos proxectos
- Procura de inversores e fontes de financiamento
- Podería apoiar a "viveiros" de empresas nas comarcas

**A posta en marcha do Plan esixe a dotación de recursos financeiros e persoal con adicación plena**

(1) Supervisión da captura de VEB e emprego previsto

# O ENVOLVEMENTO DAS INSTITUCIÓNS DAS COMARCAS E DE GALICIA COMPLEMENTARÍAN A ACTIVIDADE DA OFICINA XESTORA

## Aportando maior eficacia á promoción das iniciativas e á estabilidade do Plan

Participantes potenciais

| Responsabilidade | Promoción | Estabilidade L/P |
|---|---|---|
| Oficina Xestora Ferrol, Eume e Ortegal | Xunta de Galicia | Axentes socio-económicos e políticos das comarcas |

- Consellería de Economía e Facenda
    - IGAPE

Consello do IGAPE

- Consellerías
    - Innovación e Industria
    - Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
    - Pesca e Asuntos Marítimos
    - Traballo
    - Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
    - Medio Rural
- IGE

Comité Asesor

- Asociación Impulsora do Plan Ferrol
    - Cámara de Comercio
    - Asociacións de empresarios: CEF e CEFEOR
    - Sindicatos: UGT, CCOO, CIG
- Entes a se coordinar arredor da Asociación
    - Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao
    - Universidade
    - principais Concellos das comarcas(1)

**A participación institucional esixiría unha adicación específica do Consello do IGAPE e que arredor da Asociación Impulsora do Plan Ferrol (Comité Asesor) se coordinen outras institucións**

(1) Cabeceiras de comarca e municipios que superen os 10.000 habitantes: Ferrol, Narón, Fene, Ortigueira e As Pontes

# TOMA DE DECISIÓNS DELEGADA NA OFICINA XESTORA E REFERENDADA NO COMITÉ DE COORDINACIÓN

## Equilibrando a participación e o consenso coa axilidade de actuación

### Oficina Xestora

**Coordinación e seguimento do día a día**

- Seguimento do cadro de mando do Plan
- Avaliación da eficacia das iniciativas
- Proposta de novas accións/ medidas correctoras
- Identificación de oportunidades de creación de empresas/ emprego
- Información periódica á Dirección do IGAPE dos avances nas iniciativas

### Consello do IGAPE

**Obxectivos**

- Información da execución dos principais fitos do Plan
- Demanda de colaboración para actuacións que exceden as competencias da C. Economía(1)
- Coordinación de iniciativas onde participen varias Consellerías

**Composición**

- Oficina Xestora
- Membros do Consello do IGAPE
  - poderá ter algún invitado si as circunstancias o requiren(2)

**Periodicidade**

- Trimestral(3)

**Os axentes socio-económicos e políticos das comarcas tomarán partido como membros do Comité Asesor do Plan Ferrol da Oficina Xestora liderados pola Asociación Impulsora do Plan Ferrol**

(1) Inclúe a promoción das relacións con institucións representativas
(2) A convocar segundo as necesidades marcadas pola axenda do Comité; p. ex. algún membro do IGVS para temas de Solo Industrial
(3) Posibilidade de convocatoria extraordinaria para actuacións que así o demanden

# AS COMARCAS CRECERÁN UN 16% ATA 2011 XERANDO UN VEB DE ~3.000 M € E CREANDO MÁIS DE 4.400 EMPREGOS

## Diversificando as bases das súas economías ampliando os sectores motor

| | Situación Hoxe | | Situación a 2011 |
|---|---|---|---|
| VEB xerado | 2584 M€ | + 16% | ~3.000 M€ |
| Emprego | 64.000 | +4.400 | ~68.400 |
| Crecemento das comarcas | + 1,4% (00-04)<br>+ 0,9% (90-04)<br>+ 0,7% (80-04) | x2,2<br>x3,2<br>x4,3 | + 3% |
| Bases da economía | • Dependencia do Naval e dos servizos (comercio minorista) | | • Motores: Eólico, Turismo e Loxística<br>• Futuro: Acuicultura; Biomasa / Bicombustibles<br>• Soporte: Naval |

**É necesaria a contribución de tódalas forzas vivas das comarcas e unha continuidade no tempo da vontade política para acadar os obxectivos do plan**